



**Memoria económica e de transparencia do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Oímbra para o proxecto Senlleiro de renovación de cubrición de tellado e restauración de muros do local social de San Cibrao dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca."**

**Expediente: CNV24\_04**

### **PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos**

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a vida social, cultural e educativa e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.





- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos Senlleiro", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiro

([https://agader.xunta.gal/sites/w\\_pagade/files/documentacion/acordos/2022\\_04\\_28\\_acordo\\_proxectosSenlleiro.pdf](https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosSenlleiro.pdf)), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos Senlleiro" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos Senlleiro as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) ([https://agader.xunta.gal/sites/w\\_pagade/files/documentacion/acordos/2022\\_11\\_7\\_certificadoSenlleiro.pdf](https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadoSenlleiro.pdf)). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos Senlleiro as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

## **SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .**

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.





- Interese público e social: O 18 de xaneiro de 2024 o Concello de Oímbra presentou unha solicitude de colaboración, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Xunto ca solicitude achegou a memoria técnica onde se propón levar a cabo a renovación de cubrición de tellado e restauración de muros do local social de San Cibrao. O principal obxectivo destas actuacións é a procura da rendabilización do local social que supón un valor patrimonial por ter un marcado significado social e cultural na contorna na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público que satisfaga as necesidades da veciñanza co fin de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nesa parroquia e contribuír a fixar a poboación dese núcleo rural.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade do proxecto do Concello de Oímbra reside na promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa. O local social onde se levan acabo actividades lúdicas, culturais e educativas constitúe un lugar de encontro e relación veciñal que incentiva o desenvolvemento da comarca.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Neste caso a memoria presentada polo Concello de Oímbra de renovación de cubrición de tellado e restauración de muros do local social de San Cibrao propón a restauración deste edificio que é bastante antigo e nunca se renovou a tella nin os canlóns e baixantes polo que se veñen producindo pingueiras e humidades no interior. As actuacións desenvolveranse dentro dunha visión apropiada á arquitectura da contorna e ten como finalidade é que o edificio ofrezca condicións de seguridade, salubridade e habitabilidade adecuadas.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiro en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos Senlleiro, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado





significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.

- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

### TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Oímbra queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

- PROXECTO: "Renovación de cubrición de tellado e restauración de muros do local social de San Cibrao" dentro da categoría "Promoción e posta en da vida social, cultural e educativa da comarca".
- ORZAMENTO: Corenta e oito mil euros (48.000,00€), para a anualidade 2024.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2024 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021





Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		<b>TOTAL</b>
<b>Importe</b>	<b>2024</b>	<b>48.000,00 €</b>
	<b>48.000,00 €</b>	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

#### Orzamento desglosado

- Orzamento xeral

<b>Orzamento xeral</b>			
<b>Capítulo</b>	<b>Descrición</b>	<b>%</b>	<b>Importe</b>
01	Renovación cubrición tellado	59,50 %	19.834,03 €
02	Reparación tapiados de muros	17,86 %	5.952,98 €
03	Renovación encintado muros e pintura	20,09 %	6.697,36 €
04	Xestión de residuos	2,55 %	851,28 €
Orzamento de execución material			33.335,65 €
13% Gastos xenerais			4.333,63 €
6% Beneficio Industrial			2.000,14 €
Valor estimado do contrato			39.669,42 €
21 % IVE			8.330,58 €
<b>Orzamento base de licitación</b>			<b>48.000,00 €</b>

- Descrición das obras e xustificación dos prezos

#### **1.- Capítulo 01- Renovación cubrición tellado**

- Demolición cuberta tella cerámica plana m2: Demolición de cubrición de tella cerámica plana, incluídos caballetes, limas, canlóns, remates laterais, encontros con paramentos etc., por medios manuais e sen aproveitamento do material desmontado, mesmo limpeza e retirada de entullos a pé de carga, medidas de protección colectiva e con p.p. de medios auxiliares, sen transporte ao vertedoiro.

- Local.....152,54 €





- Aseos.....9,93 €  
Total partida.....162,47€\*12,71€ (Prezo).....2.064,99 €
- Establecido madeira aglomerado hidrófugo m2 19mm: TaboOímbra de cuberta formado por establecido de madeira aglomerada hidrófuga de 2040x800 mm e 19 mm. de espesor apoiada, machihembrado nos seus catro cantos, colocado e fixado sobre calquera elemento resistente de cuberta(non incluído), colocado con fixacións mecánicas (puntas de aceiro) incluso parte proporcional de medios auxiliares, segundo UNE-EN 312.
  - Local.....152,54 €
  - Aseos.....9,93 €
  - Total partida.....162,47€\*15,66€ (Prezo).....2.544,28 €
- Cuberta tella cerámica mixta vermella s/onduline m2: Cuberta de tella cerámica mixta vermella de 47,5x28,2 cm, fixada mediante a colocación de rastre de PVC Onduline fixados ao soporte por medio de cravos taco ou cravos espiral sobre placa Onduline baixo tella 50, cravada á estrutura de cuberta, i/p.p. de pezas especiais, caballetes e limas, medios auxiliares e elementos de seguridade, s/NTE-QTT-11. Medida en verdadeira magnitude.
  - Local.....152,54 €
  - Aseos.....9,93 €
  - Total partida.....162,47€\*78,59€ (Prezo).....12.768,52 €
- Canlón aluminio cuadrado des. M. 300mm: Canlón visto de chapa de aluminio lacado de 0,68 mm. de espesor, de sección cadrada, cun desenvolvemento de 300 mm., fixado ao beirado mediante soportes lacados colocados cada 50 cm. e totalmente equipado, mesmo con p.p. de soportes, esquinas, tapas, remates finais e pezas especiais de aluminio prelacado, soldaduras e pezas de conexión a bajantes, completamente instalado.
  - 1 Renovación canalón local.....29,80 €
  - 2 Renovación canalón local.....25,60 €
  - Canalón cobertizo.....3,05 €
  - Total partida.....58,45€\*31,22 € (Prezo).....1.824,81 €
- Baixante aluminio lacado M. D80 mm: Baixante circular de aluminio lacado, de Ø 80 mm, para recollida de augas, formada por pezas preformadas, con sistema de unión mediante abocardado, colocadas con soportes especiais colocados cada 50 cm, instalada no exterior do edificio. Mesmo, conexións, cóbados, abrazaderas e pezas especiais.
  - Renovación baixantes local.....12,00 €
  - Baixante cobertizo.....2,50 €
  - Total partida.....14,50€\*23,10€ (Prezo).....334,95 €





- Partida alzada de abono íntegro: Partida alzada de abono íntegro para selaxe en unión do tellado do alpendre e o muro fachada do local mediante a aplicación de sellador tipo Sika MultiSeal, mesmo medios auxiliares.

Total partida.....296,48€\*296,48€ (Prezo)..... 296,48 €

**Total Capítulo 1.....19.834,03 €**

## **2.- Capítulo 02- Reparación tapiados de muros**

- Demolición tabicón ladrillo oco dobre m2: Demolición de tabicones de ladrillo oco dobre revestidos de morteiro, por medios manuais, mesmo limpeza e retirada de entullos a pé de carga, sen transporte á entulleira e con p.p. de medios auxiliares.

- 2 Retirada tapiado de portas e xanelas.....4,40 €
- 1 Retirada tapiado de portas e xanelas.....1,74 €
- 1 Retirada tapiado de portas e xanelas.....1,09 €
- 1 Retirada tapiado de portas e xanelas.....1,45 €

Total partida.....8,68€\*20,45€ (Prezo).....177,51 €

- Demolición muro cachotería a man m2: Apertura de oco en muros de cachotería de espesor variable, por medios manuais, para encaixe de nova cachotería, mesmo limpeza e retirada de entullos a pé de carga, medidas de protección colectivas e con p.p. de medios auxiliares, sen transporte á entulleira.

- 2 Apertura oco para encaixe de novo perpiaño.....1,10 €
- 1 Apertura oco para encaixe de novo perpiaño.....0,36 €
- 1 Apertura oco para encaixe de novo perpiaño.....0,36 €
- 1 Apertura oco para encaixe de novo perpiaño.....0,36 €

Total partida.....2,18€\*376,77€ (Prezo).....821,36 €

- Muro perpiaños granito 1c/v 20cm aserr M2: Fábrica de perpiaños de pedra granítica de 20 cm de espesor e medidas frontais variables a unha cara vista, con textura aserrada, recibido con morteiro de cemento CEM II/B-P 32,5 N e area de río M-5, en chapado de muro, i/preparación, nivelado e aplomado de pedras, formación de dinteles, jambas, encontros e pezas especiais, asento, recibido, rejuntado, limpeza e medios auxiliares, s/NTE-EFP, medido deducindo ocós superiores a 2 m2.

- 2 Recheo de ocós tapiado.....5,50 €
- 1 Recheo de ocós tapiado.....2,10 €
- 1 Recheo de ocós tapiado.....1,45 €
- 1 Recheo de ocós tapiado.....1,81 €

Total partida.....10,86€\*456,18€ (Prezo).....4.954,11 €

**Total Capítulo 2.....5.952,98 €**





### 3.- Capítulo 03- Renovación encintado muros e pintura

- Rexuntado rehundido regular m.cal M2: Rexuntado de fábrica de cachotería e aparello regular, con morteiro de cal deshidratada dosaxe 1/4 lixeiramente coloreado con pigmentos ou terras naturais e tipo de xunta rehundido, mesmo mostras de acabado, cor e textura a elixir, previamente elimináronse as xuntas antigas nunha profundidade suficiente para que o agarre das novas estea garantido, ademais limpáronse con aire a presión, chagas e tendeles. A continuación, co paramento preparado estenderase a trama de xuntas co ancho e espesor e deseño especificado, eliminaranse as rebabas de morteiro e limparase a pedra a medida que se realiza o rejuntado antes do seu fraguado.

- Fachada principal.....40,04 €
- Fachada principal.....5,52 €
- Fachada posterior..... 33,04 €
- Lateral esquerdo..... 20,10 €
- Lateral dereito.....18,20 €

Total partida.....116,90€\*34,28€ (Prezo).....4.007,33 €

- Revestimiento morteiro monocapa raspado fino m2: Revestimiento de fachadas con morteiro monocapa, espesor aproximado entre 10 e 15 mm, impermeable á auga de choiva, composto por cemento portland, aditivos e cargas minerais. Aplicado sobre soportes de fábrica de ladrillo, bloques de formigón ou termoarcilla. Con acabado textura superficial raspado fino similar á pedra abujardada, en cor 1010-E4OR, incluíndo parte proporcional de colocación de malla morteiro nos encontros de soportes de distinta natureza, i/p.p. de medios auxiliares, s/NTE-RPR-6 e ISO 9001, descontaranse ocos maiores de 3 m2 e mediranse mochetas. Morteiro con marcado CE e DdP (Declaración de prestacións) segundo Regulamento (UE) 305/2011.

- Fachada posterior (aseos) .....7,00 €
- Fachada posterior (aseos) .....8,54 €
- Lateral dereito (local+aseos)revestimiento en cornisas.....15,96 €
- Fachada principal.....7,15 €
- Fachada principal.....0,99 €
- Fachada posterior.....5,90 €
- Fachada posterior.....1,55 €
- Fachada posterior.....1,53 €
- Lateral esquerdo.....4,88 €
- Lateral dereito.....35,84 €

Total partida.....89,34€\*30,11€ (Prezo).....2.690,03 €

**Total Capítulo 3.....6.697,36 €**





#### 4.- Capítulo 04- Xestión de residuos

- Carga entullos s/camión ou contedor m<sup>3</sup>: Carga de entullos sobre camión ou contedor, por medios manuais e mecánicos, a granel, e considerando na carga dous peóns ordinarios, dúmper e camión guindastre con pinza; con medidas de protección colectivas e sen incluír transporte.

- Local.....15,25 €
- Aseos.....0,99 €
- Resto de demolición tapiado.....1,30 €
- Resto apertura de ocos.....0,44 €
- Resto morteiro de xuntas.....2,34 €
- Restos varios.....2,00 €

Total partida.....22,32€\*22,07€ (Prezo).....492,60 €

- Transporte a vertedoiro rsc m<sup>3</sup>: Transporte de residuos sólidos xerados polas obras ata planta autorizada para a recepción de RSC, incluíndo canon de vertedoiro, en cumprimento do Art. 4 do Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos da construción.

- Local.....15,25 €
- Aseos.....0,99 €
- Resto de demolición tapiado.....1,30 €
- Resto apertura de ocos.....0,44 €
- Resto morteiro de xuntas.....2,34 €
- Restos varios.....2,00 €

Total partida.....22,32€\*16,07€ (Prezo).....358,68 €

**Total Capítulo 4.....851,28 €**

**Orzamento de execución material..... 33.335,65 €**

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:  
-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.  
-Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do





Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección  
P.D. (Acordo do 11.07.2013)  
A directora xeral  
Inés Santé Riveira

